



**ACTA DA REUNIÓN DO
PLENO DO FORO DE
GRANDES EMPRESAS QUE
TIVO LUGAR O
10 DE XULLO DE 2009**



ACTA PLENO 1/2009

**ACTA DA REUNIÓN DO PLENO DO FORO DE GRANDES EMPRESAS
QUE TIVO LUGAR O 10 DE XULLO DE 2009**

**Membros en representación da Axencia Estatal de
Administración Tributaria:**

Vicepresidente do Foro de Grandes Empresas
Director xeral da Axencia Estatal de Administración
Tributaria
D. Luis Pedroche y Rojo

**Director do Departamento de Organización,
Planificación e Relacións Institucionais**
D. Fernando Díaz Yubero

**Director do Departamento de Inspección
Financeira e Tributaria**
D. Carlos Javier Cervantes Sánchez-Rodrigo

Directora do Departamento de Xestión Tributaria
D.ª María Dolores Bustamante Esquivias

Directora do Departamento de Recadación
D.ª Julia Atienza García

**Director do Departamento de Aduanas e Impostos
Especiais**
D. Nicolás Bonilla Penvela

Delegada Central de Grandes Contribuíntes
D.ª Inmaculada Vela Sastre

**Membros en representación das Grandes
Empresas:**

ACERINOX

Secretario xeral
D. Luis Gimeno Valledor

En Madrid, no día 10 de xullo de 2009, ten lugar a primeira reunión do Foro de Grandes Empresas, ao que asisten as persoas que se destacan á marxe, e de acordo co seguinte

ORDE DO DÍA

1. Apertura polo director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
 - Obxectivos do Foro de Grandes Empresas.
 - Enquisa 2008.
2. Exposición sobre a Organización da AEAT. Especial referencia á Delegación Central de Grandes Contribuíntes.
3. Rolda de intervencións das Grandes Empresas.
4. Aprobación das Normas de funcionamento do Foro.
 - Composición da Secretaría Técnica.
5. Constitución de grupos de traballo:
 - Código de Boas Prácticas Tributarias.
 - Análise e racionalización das cargas fiscais indirectas.
 - Prezos de transferencia.
6. Próxima convocatoria: datas e temas que se van tratar.
7. Outras consideracións, rogos e preguntas.

Ábrese a sesión ás once horas e dez minutos, por parte do Sr. director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, quen tras saudar as persoas presentes, desculpa a ausencia do secretario de Estado de Facenda e Presupostos, debido á súa imprescindible presenza noutras reunións



ACS

Conselleiro - Secretario xeral
D. José Luis del Valle Pérez

Xefe do Departamento Fiscal Corporativo
D. José Miguel Moreno

BBVA

Director da Asesoría e Xestión Fiscal
D. Eduardo Cosmen del Riego

BANCO SANTANDER

Director xeral
D. César Ortega Gómez

LA CAIXA

Director da Asesoría Fiscal
D. Javier Paso Luna

CAJA MADRID

Subdirector xeral - Director de Asesoría Fiscal
D. Javier M.ª Tello Bellosillo

COFARES

Secretario do Consello Reitor
D. Juan de Guindos Jurado

CEPSA

Conselleiro delegado
D. Dominique de Riberolles

Director de Impostos
D. Alfonso López Lucas

EL CORTE INGLÉS

Conselleiro delegado
D. Carlos Martínez Echavarría

relacionadas cun tema de plena actualidade.

A continuación, expón os obxectivos do Foro e os resultados da enquisa realizada o ano pasado a 20 empresas adscritas á Delegación Central de Grandes Contribuíntes.

Aborda, seguidamente, o **segundo punto da orde do día: Exposición sobre a organización da AEAT. Especial referencia á Delegación Central de Grandes Contribuíntes** na que expón brevemente a organización da Delegación Central de Grandes Contribuíntes.

No **terceiro punto da orde do día: Intervención das Empresas**. Ten lugar unha rolda de intervencións dos representantes das empresas, na que se formulan as seguintes cuestións:

- A conveniencia de incorporar como membro do Foro un representante da Dirección Xeral de Tributos.

O director xeral responde que, aínda que nun primeiro momento se valorou a súa incorporación como membro do Foro, finalmente se optou pola súa participación nalgúns grupos de traballo e, ocasionalmente, nalgunha reunión do Pleno.

- Sinálase que, ante a crise, nas súas relacións coa AEAT as empresas necesitan máis que nunca un marco de seguridade xurídica que contribúa a reducir a conflictividade tributaria. Deben evitarse os eternos preitos en cuestións interpretativas. Así mesmo, deben terse en conta os custos de cumprimento para as empresas, intentando buscar non tanto a súa redución como a súa racionalización.
- Así mesmo, indícase que o punto de partida das dúas partes que compoñen o Foro é desigual, polo que, como resposta á transparencia e confianza que se pide ás empresas, a AEAT debe ofrecer transparencia e flexibilidade.

Neste sentido, sinálase que o Código de Boas Prácticas debería ter dúas partes:



ENDESA

Director de asesoría fiscal
D. Carlos Arrieta Martínez de Pisón

FCC

Director xeral de Administración e Tecnoloxías da Información
D. Antonio Gómez Ciria

GAS NATURAL

Director de Fiscalidade
D. Jaume Menéndez Fernández

GENERALI ESPAÑA

Conselleiro delegado
D. Félix Bonet Sánchez

IBERDROLA

Director fiscal
D. Fernando Arias Coterillo

IBERIA

Subdirector de Fiscal e Consolidación
D. José Luis Álvarez Anderson

INDITEX

Conselleiro secretario xeral
D. Antonio Abril Abadín

MAPFRE

Conselleiro secretario xeral
D. José Manuel González Porro

MERCADONA

Director xeral de Recursos Humanos e Financeiros
D. Hector Hernández Bolín

Colaborador Equipo Fiscal
D. Luis Días Hurtado

- o Boas prácticas dos servizos fiscais das empresas.
- o Melloras nos procedementos tributarios. Revisión do funcionamento do Defensor do Contribuínte e da Inspección tributaria (con especial incidencia na duración do período de comprobación).
- Sinálase que, dada a relevancia, transcendencia e importancia do Foro, debe reflexionarse sobre a conveniencia de ir devagar nos momentos iniciais para gañar despois en solidez. En relación con isto, débese conciliar o carácter técnico do Foro (dando participación aos expertos fiscais das empresas), co fin de involucrar aos órganos societarios (consellos de administración ou órganos de goberno).
- Para que os consellos de administración das empresas acepten o Código de Boas Prácticas, é necesario que vexan contrapartida na Administración tributaria: que achegue valor engadido, que achegue confianza ás empresas (seguridade xurídica, rapidez na contestación a consultas, maior proximidade no tempo do control fiscal ao momento no que se realizan as operacións e achegamento á realidade empresarial) e unha xestión moderna en canto á análise de riscos (cambios nos criterios de selección de contribuíntes en liña co sistema de operador autorizado de Aduanas). A evolución pode chegar mesmo á creación dun "selo de calidade tributaria" para as empresas *fiabes*.
- Introducir no Foro a perspectiva do fomento da competitividade internacional das nosas empresas.
- Proponse que o Código de Boas Prácticas inclúa todos os temas tratados nesta reunión.
- Sinálase que o éxito deste Foro dependerá da capacidade para propoñer temas nos que sexa doado chegar a acordos, e non formular excesivos obxectivos ao mesmo tempo senón establecer prioridades (primeiro os máis doados ou os máis importantes).



MICHELIN

Director administrativo e financeiro
D. José Carlos Pérez de Eulate Irigoyen

NORFIN HOLDER

Conselleiro
D. Marcos Parada Tolosa

RENAULT ESPAÑA

Secretario do Consello de Administración
D.ª M.ª Luisa de Contes d'Esgranges

Director de Asuntos Fiscais
D. Félix Ruiz Madarro

REPSOL YPF

Director xeral económico-financieiro
D. Fernando Ramírez Mazarredo

SEAT

Director de Impostos
D. F. Javier Baulenas Setó

SIEMENS

Responsable División Impostos
D.ª Ana María Moreda Galante

TELEFÓNICA

Director fiscal
D. Ángel Martín Gómez

VODAFONE

Conselleiro
D. Miguel Orue-Echebarría López

Asesoría fiscal
D. Javier Viloria Gutiérrez

- Propónse a posibilidade de realizar unha consulta *a priori* en operacións con transcendencia tributaria, pero sempre que se garanta a axilidade na resposta.
- En materia de control tributario, propónse que o procedemento de control se efectúe ano a ano (achegando o control ao feito imponible) e quede documentado o resultado obtido; desta forma, evítase que o resultado dun exercicio se modifique catro anos despois, coas implicacións que esa modificación ten en exercicios posteriores.

O director xeral da AEAT comenta as observacións efectuadas polas empresas:

- Propónse a creación de dous grupos de traballo (Código de Boas Prácticas Tributarias e Análise e racionalización de cargas fiscais indirectas).
- A actuación da AEAT no ámbito do Foro das Grandes Empresas debe ser equilibrada:
 - o Fomentar a competitividade internacional das nosas empresas.
 - o Reducir a conflitividade.
 - o Difundir os principios xerais de aplicación das normas e manter esta aplicación de forma estable no tempo.
 - o Crear un Código de Boas Prácticas Tributarias que teña incidencia, entre outros ámbitos, no procedemento de control, sempre dentro do marco establecido polo ordenamento xurídico.

O director do Departamento de Organización, Planificación e Relacións Institucionais destaca a escaseza de referencias a escala mundial en iniciativas como este Foro por parte das administracións tributarias e o interese que mostraron outras administracións tributarias por recibir documentación sobre este tema. Indica que se trata dunha iniciativa na que temos que ir avanzando con prudencia para formular posteriormente obxectivos máis ambiciosos.

A continuación, abórdase o cuarto punto da orde do día: **Aprobación das Normas**



WAM ACQUISITION

Vicesecretario do Consello de Administración
D. Jacinto Esclapés Díaz

Secretaría Técnica do Foro de Grandes Empresas:

Secretario técnico
D. Gaspar Caballo Mingo

de Funcionamento do Foro das Grandes Empresas.

O director xeral da AEAT somete a debate o Borrador de Normas de Funcionamento do Foro, e os representantes das empresas manifestan o seguinte:

- O representante dunha das empresas sinala que deberían terse enviado para coñecemento xeral as observacións que as diferentes empresas remitiron á AEAT os días previos á reunión e que axudaron a conformar o borrador definitivo de normas.

Indícase por parte da AEAT que así se fará a partir deste momento.

- O representante doutra das empresas solicita que o titular do Foro en representación de cada empresa sexa o director do Departamento Fiscal en lugar de ter que ser membro do Consello de Administración. Así e todo, xorden outras opinións que son favorables a que se manteña o requisito de ser conselleiro.

En relación con isto, o director xeral da AEAT responde que se quixo que no Foro estean os máximos responsables das empresas e da Axencia Tributaria. Así, por parte da AEAT está o seu presidente (o secretario de Estado de Facenda e Presupostos) e, por parte das empresas, membros dos consellos de administración (é dicir, os "responsables do negocio"). A intervención dos especialistas fiscais resérvase, en principio, para os grupos de traballo. Así e todo, conclúe dicindo que, en calquera caso, se buscará unha redacción que dea maior flexibilidade e atenda á diversidade organizativa das empresas do Foro, que se remitirá por correo electrónico aos representantes das empresas para que dean a súa aprobación ou, se non, propoñan unha redacción alternativa, para posteriormente quedar definitivamente aprobadas as Normas de Funcionamento do Foro.

Seguidamente, o director xeral da AEAT propón como titular da Secretaría Técnica do Foro a D. Gaspar Caballo Mingo, director adxunto do Departamento de Organización, Planificación e Relacións Institucionais da AEAT.

Por parte das empresas proponse como colaborador ao representante de Caja Madrid, D. Javier María Tello Bellosillo. Así e todo, o director da AEAT sinala que poderán efectuarse outras propostas ata o próximo mércores 15 de xullo. Se houberse máis candidatos, enviaríanse os nomes a todas as empresas participantes no Foro para que elixisen entre eles a persoa que, inicialmente, colaboraría na Secretaría. En caso de que as empresas non elixisen, a AEAT decidiría por sorteo a persoa que colaboraría inicialmente. A partir desta elección, a rotación sería por orde alfabética das empresas interesadas en colaborar.

En relación con este punto, e ao non se ter recibido outras propostas dentro do prazo indicado, quedou designado D. Javier María Tello Bellosillo como colaborador na Secretaría Técnica do Foro, en representación das empresas participantes neste, durante o primeiro ano do seu funcionamento.

A continuación, abórdase o **quinto punto da orde do día: Constitución dos grupos de traballo**. Como se sinalou anteriormente, o director xeral da AEAT propón a creación de dous grupos de traballo: Código de Boas Prácticas Tributarias e Análise e racionalización de cargas fiscais indirectas.



Os representantes das empresas sinalan o seguinte:

- Que o grupo do Código de Boas Prácticas debe servir de conclusión do Foro, posto que engloba os obxectivos deste.
- Que o Código de Boas Prácticas recolla non só as boas prácticas das empresas senón tamén as boas prácticas da Administración tributaria. O director xeral da AEAT coincide en que o Código debe sinalar as liñas de actuación que deben seguir cada unha das partes.
- Que se analicen no grupo de Análise e racionalización de cargas fiscais indirectas as medidas que se poden adoptar para favorecer a competitividade das empresas, especialmente no ámbito internacional.
- Que o grupo de Código de Boas Prácticas teña contido máis teórico e un horizonte a máis longo prazo, fronte ao de cargas fiscais, que será máis práctico e de menor duración.
- Proponse a creación dun terceiro grupo de traballo sobre Prezos de Transferencia.

O director xeral da AEAT conclúe sinalando que, polo tanto, serán tres os grupos de traballo citados os que se poñerán en marcha inicialmente (Código de Boas Prácticas, Racionalización de Cargas Fiscais e Prezos de Transferencia). Para iso, solicita das empresas a súa colaboración proponendo persoas para participar en cada un dos grupos. Neste mesmo acto realízase a devandita proposta por parte de varias empresas e acórdase que, para dar a cada grupo unha composición que resulte operativa, se pospoñerá ata a semana próxima o acordo sobre a relación definitiva de membros de cada grupo, que non poderá superar o número de 8 por cada unha das partes.

Finalmente, fíxase o próximo día 23 de xullo como data para a celebración das reunións constitutivas dos grupos de traballo.

No **sexto punto da orde do día: Próxima convocatoria: datas e temas que se van tratar**, o director xeral da AEAT indica que nas Normas de Funcionamento se prevé que o Pleno se reúna polo menos unha vez ao semestre. Polo que propón fixar unha data anterior á finalización do presente ano para a segunda sesión.

Acórdase que a devandita reunión teña lugar a finais de novembro, nunha data que se debe concretar máis adiante, en función da evolución dos traballos dos grupos constituídos.

Por último, abórdase o **sétimo punto da orde do día: Outras consideracións, rogos e preguntas**, no que, dado que non xorden máis temas que tratar, o director xeral da AEAT levanta a sesión agradecendo a todos a súa presenza na reunión.

O SECRETARIO TÉCNICO
ASDO.: GASPAR CABALLO MINGO

V.E PR.
O VICEPRESIDENTE DO FORO
ASDO.: LUIS PEDROCHE Y ROJO